



Ferrol
en Común



PROGRAMA POLÍTICO

ELECCIÓN MUNICIPAL

24 de maio 2015





PARTICIPACIÓN	4
MULLER. FERROL EN FEMININO	7
SAÚDE E BENESTAR	9
MIGRACIÓNS	10
MOCIDADE	12
EDUCACIÓN	13
CULTURA. LINGUA GALEGA	16
EMPREGO	18
ECONOMÍA SOCIAL	20
SECTOR NAVAL	22
URBANISMO E VIVENDA	23
MOBILIDADE E TRANSPORTE PÚBLICO	26
DEPORTE	27
DESENVOLVEMENTO RURAL	32
MEDIO AMBIENTE	34
BENESTAR ANIMAL	40





PARTICIPACIÓN

A participación cidadá, feito histórico debatido con máis de 80 entidades veciñais e sociais de Ferrol, foi ignorada polo bipartidismo, tanto na última etapa do PSOE como durante todo o mandato do Partido Popular. O mal chamado Plan de Barrios **non é participación, segue a ser representación tutelada e propagandística.**

Dende Ferrol en Común, non queremos un goberno de xestión para a xente, un goberno delegado, senón que queremos un goberno de participación coa xente, un goberno máis democrático.

Nós xa temos a ferramenta, o Regulamento de Participación Cidadá, un documento aprobado por unanimidade no Pleno do 9 de xullo de 2009 no Concello de Ferrol, que nunca quixo ser empregado polos sucesivos gobernos, supoñemos que temerosos de que a democracia puxera en cuestión os seus intereses partidistas e ao servizo da centralidade dos seus partidos e da economía de mercado.

Estamos convencidos de que a transformación social acadarase a través da co-decisión e a profundización da democracia, moito máis alá de depositar un voto nunha urna cada catro anos

Pero tamén somos conscientes de que o Regulamento por si mesmo non serve, debe vir acompañado de concienciación e formación, para que a participación sexa real e non unha mera tutela administrativa ou un trámite formal.

A ética responsable dos cargos públicos, a máxima transparencia na xestión e recursos e a tolerancia cero contra a corrupción forman parte tamén da necesaria revolución democrática e social que dende a nosa organización propugnamos

Democracia participativa

- * Desenvolvemento do Regulamento de Participación Cidadá. Diminución das porcentaxes necesarias para a iniciativa popular, consulta popular e audiencia pública.
- * Creación dunha Oficina de Atención á Cidadanía Diversificada, para asuntos municipais, emprego (conectada co Centro de Orientación Laboral) e vivenda (conectada coa Empresa municipal de Vivenda).





- * Inmediata convocatoria das asembleas de barrio. Constitución do Consello da Veciñanza e, a partir deste, dos Consellos Sectoriais, Asembleas de Barrio e Foros Cívicos.
- * Nomeamento do Defensor da Cidadanía .
- * Dotación dunha radio municipal e redes sociais que garantan a pluralidade de todo o tecido veciñal e social.
- * Dotación para a participación, a través dun Plan de Formación en Participación Cidadá de reunións e asembleas, dípticos explicativos, unha páxina web específica e uso dos medios de comunicación para tratar de artellar os instrumentos máis plurais posibles.
- * Fomentar especificamente a participación dos veciños e veciñas da zona rural, discriminación positiva necesaria tras anos de relegación a un segundo plano.
- * **Orzamentos participativos**, cun incremento progresivo do seu peso no global dos orzamentos cada ano de legislatura, co fin de incrementar o peso da vontade colectiva e solidaria da veciñanza de Ferrol. Aplicación dos orzamentos participativos aínda non executados.
- * **Casa das Asociacións:** lugar de encontro e posta en común de todo o tecido veciñal e social, formación e lugar de cooperación .
- * Plan de subvencións con criterios obxectivos e participados.
- * Transversalización da participación en todos os eidos, recuperación do Padroado de Deportes e Cultura, democratización da res publica.
- * Participación da cidadanía en todos os consellos das empresas municipais.
- * Xestión pública e participada de FIMO.

Transparencia

O Concello de Ferrol está moi por debaixo dos índices de transparencia, tanto na contratación de servizos como nas relacións coa cidadanía, segundo o último estudo da organización Transparencia Internacional.

O acceso en igualdade de condicións e o coñecemento pleno dos recursos, dereitos e destino do erario público son requisitos básicos dunha verdadeira democracia, que un Goberno municipal debe regulamentar, cando menos, á espera dun cambio legislativo a nivel nacional, como guía programática de actuación.





- * Desenvolvemento do código ético de Ferrol en Común, con protocolos de procedementos administrativos, recursos e posibilidade de defensa da cidadanía ante situacións que considere inxustas.
- * Redución á taxa mínima os contratos negociados sen publicidade (por adxudicación directa) e garantía de presenza de todos os grupos políticos no debate das mesas de contratación e comisións.
- * Limitación dos postos de libre designación aos estritamente necesarios, xeneralizándose o concurso como instrumento de provisión de postos. Acabar coa rede clientelar de postos directivos e asesoramentos .
- * Rexistro público de recalificacións de solo (*vencellado a urbanismo*).

Compromiso ético dos cargos públicos

- * Control patrimonial e das súas variacións durante o exercicio do seu cargo e as súas obrigas representativas.
- * Control de absentismo e rendición de contas a través dunha axenda pública dixitalizada e accesible ao público.
- * Estrito control de incompatibilidades, incluso logo do cese nas funcións para empresas ligadas ao público durante a lexislatura.
- * Revogabilidade do cargo público, regulamentado no Código ético de Ferrol en Común, a través da moción de censura cidadá.
- * Observatorio municipal de transparencia integrado pola veciñanza.
- * Prohibición de aceptar regalos superiores a 200 € e creación dun Rexistro Público de Obsequios e Invitacións para contías inferiores a 200€.





MULLER. FERROL EN FEMININO

Ferrol en Común vai desenvolver unha pequena revolución para mellorar Ferrol, e as mulleres imos ser as protagonistas, coa nosa presenza permanente neste proxecto e pola calidade das nosas propostas, dunha transformación social que cambie a faciana de Ferrol, que lle entregue á cidade o rostro novo e emancipador do feminismo.

Debemos dignificar o feminismo a través da Casa da Muller, para formular políticas e gañar visibilidade. Retomaremos un proxecto de investigación social e presenza protagonista das mulleres coa programación de Ferrol en Feminino.

Queremos neste mandato dar outro salto cualitativo para consolidar o iniciado e amplialo con outras propostas quen de supor avances na construción dunha cidade con políticas públicas de igualdade e empoderamento social das mulleres de Ferrol.

CONCELLERÍA DE MULLER. A loita pola igualdade require de espazos públicos que de xeito único aborden esta problemática e lle dean unha resposta única e coordinada. A CONCELLERÍA DE MULLER é a ferramenta que nos fai visible nas institucións e ten que ser o noso primeiro aliado nesa tarefa emancipadora.

INCREMENTO DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS ADICADOS Á MULLER. Hai que rachar co círculo de ferro do subfinanciamento que nos afoga. Sen recursos públicos e cadro de persoal suficiente non haberá xeito de pular polas políticas de igualdade, nen polos programas da **CASA DA MULLER**, ou calquera fomento do asociacionismo das mulleres. Incrementaremos o orzamento para o vindeiro ano até un 2% cunha planificación que nos acerque ao 5% ao remate do mandato.

PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO. As políticas públicas de igualdade necesitan dunha acción e acordo participativos no seo do movemento de mulleres e feminista da cidade. Os OP,s teñen que chegar ás políticas públicas de muller e o movemento asociativo. As mulleres de Ferrol en Común imos traballar arreo para facelo posible. Comprometendo o noso traballo para redefinir o **CONSELLO MUNICIPAL DE MULLER** para facer deste órgano o alento da participación articulada das mulleres na vida social e política da cidade. Constituiremos o





CONSELLO DE MULLERES SABIAS.

PULO Á PROGRAMACIÓN DA CASA DA MULLER. Territorio de avanzada para axudar ao empoderamento das mulleres e para producir espazos liberados nos que se garanta información e recursos no social, psicolóxico e xurídico. Pulo a unha programación que nos entregue coñecementos, recursos e relacións para vivir de xeito autónomo as nosas vidas.

RELANZAMENTO DA PROGRAMACIÓN FERROL EN FEMININO. Reverter e fornecer un programa pioneiro de recuperación da nosa memoria e de divulgación do noso quefacer na historia da cidade.

AMPLIACIÓN DA CASA DE ACOLLIDA E REDEFINICIÓN DO SEU SERVIZO PARA FACELO INTEGRAL. A adquisición de terreos colindantes e a redefinición dos seus servizos para que sexan quen de abranguer unha atención completa ás usuarias: un novo proxecto vital supón asistencia social, xurídica e psicolóxica asemade dunha política de inserción laboral, que nos permita un novo proxecto vital autónomo.

PLAN DE IGUALDADE. Ferrol en Común se compromete a desenvolver un III Plan de Igualdade real, rexeitando o formalismo sen contido actual, consensuado cos colectivos de mulleres do concello, e dotalo financeiramente facendo viables e priorizando as actuacións contidas nel, dándolle un contido real e transversal a todas as actuacións públicas e concellerías

POLÍTICAS PÚBLICAS DE EMPREGO. Introducción efectiva da variable de xénero para atender a axeitada inserción laboral das mulleres, ao través da asunción de formas paritarias de contratación laboral e funcionarial onde temos unha manifesta subrepresentación, así como cláusulas sociais de discriminación positiva cara a muller nos pregos de contratación.

DEREITO AO ABORTO. Ferrol en Común vai traballar para facer realidade o dereito a que se practiquen na nosa área sanitaria e no ámbito público ás interrupcións voluntarias do embarazo que agora se derivan fóra.





SAÚDE E BENESTAR

Ferrol en Común comprométese a traballar por un Concello no que a Xustiza Social sexa o eixo vertebrador na implementación das súas políticas. Isto implica levar a cabo accións encamiñadas á defensa dos dereitos de todas as persoas, sen exclusión, priorizando a atención ás persoas en situacións de dificultade social, como garante dunha cidade igualitaria, promovendo a capacidade de autonomía e o dereito a unha vida digna.

Para iso, partiremos dos seguintes principios programáticos:

1. **Asumir** servizos esenciais para a comunidade, rompendo coa dinámica actual de deixadez de funcións
2. **Municipalizar** servizos básicos que nestes momentos están en mans privadas
3. **Socializar** os recursos dispoñibles de forma transparente e responsable

Estes principios concrétnanse a través das seguintes medidas:

- * Estableceremos mecanismos de coordinación, colaboración e cooperación coas entidades de iniciativa social, nos que traballaremos en común para dar unha atención de calidade aos colectivos máis vulnerables, e estableceremos, colexiadamente, mecanismo de control e transparencia nas políticas sociais municipais, incluídas o reparto de subvencións ás entidades de iniciativa social. Prestaremos apoio ás entidades de iniciativa social, fomentando o traballo en rede e a cooperación entre as mesmas. Retomar o proxecto orixinario da Casa Solidaria, como espazo de encontro e colaborativo entre as mesmas.
- * Partimos da firme convicción de que só a través da participación e do traballo dende as comunicades seremos quen de artellar respostas integrais que garantan a dignidade e a igualdade de oportunidades entre a cidadanía. Retomaremos a intervención comunitaria dende os servizos sociais, poñendo en marcha Plans de Desenvolvemento Comunitario, nos que se desenvolveran atencións integrais en cooperación coa veciñanza e coas entidades sociais.
- * Crearemos Consellos Veciñais, para por consolidar a participación e o control democrático da veciñanza nos órganos de xestión municipal.
- * Medidas atención necesidades básicas





- Nos programas de axuda social contemplárase a necesidade de chegar de modo activo ás persoas con necesidades básicas non cubertas: alimentación, electricidade.
 - Un fondo de dispoñibilidade inmediata, para os casos de emerxencia.
- * Atención á infancia
- Blindar os programas de saúde, a cobertura das necesidades de educación e alimentación, de apoio ós pais e nais.
 - Protexer ós nenos de medrar nun entorno de desvantaxe con outros nenos por mor de diferenzas nos recursos das familias, promovendo medidas de igualdade no acceso á educación en calquera nivel.
 - Desenvolver un proxecto local que atenda as súas necesidades e a falta de resposta
- * Condicións iguais, transparentes, baseadas en criterios para a asignación de recursos. Revisa-la documentación para simplificar a burocracia.
- * O plan de emprego centrado nas necesidades, que teñan en conta as específicas daquelas persoas máis vulnerables, como vía para inclusión social e a promoción dunha vida o máis autónoma posible.
- * Facer unha campaña para a sensibilización da sociedade sobre as necesidades dos demais.

MIGRACIONES

Ferrol en Común, na elaboración dun programa de construción colectiva, mantivo xuntanzas co colectivo de inmigrantes, de onde constátase que, en tempos de crise e derrubo do sistema social actual, as partes máis febles da cadea son especialmente azoutadas polo réxime.

A construción dunha cidadanía de segunda, a criminalización da inmigración e a permanente sospeita sobre un colectivo son realidade que temos que combater dende o eido municipal, con políticas de cohesión social e cidadanía democrática, activando a participación da inmigración en pé de igualdade e cos mesmos dereitos na codecisión do pobo de Ferrol co goberno municipal.

Aos e ás inmigrantes que conviven connosco, máis de dúas mil persoas, cómpre que se lles





faciliten canles de participación e inclusión, con políticas de discriminación positiva. O concello de Ferrol debe asumir un papel protagonista para producir unha pedagogía social respectuosa coas diferenzas e integradora a partires da interculturalidade. Aspectos como o acceso pleno e igual, sen consentir situacións de sobreexplotación ou marxinalidade, ao sistema educativo, o mercado laboral, a vivenda social e o tempo de lecer, deben ser eixos fundamentais das políticas de migracións.

Medidas:

- * Mantemento e fornecemento da **oficina de atención á inmigración**, para garantir orientación en todos os eidos antes citados e para cooperación nos trámites burocráticos ante calquera Administración, con persoal cualificado na área de servizos sociais.
- * A habilitación dun espazo físico no infrautilizado Centro Comercial Porta Nova para que as diversas entidades que aglutinan á poboación inmigrante poidan desenvolver as súas tarefas asociativas, apoiando o asociacionismo inmigrante especialmente dada a súa fráxil situación material.
- * Política específica de vivenda respecto a este colectivo, con labores de intermediación no mercado privado e garantía de inclusión no acceso ás baremacións de acceso a vivenda social.
- * Facilitar o empadramento das persoas migrantes, con independencia da súa situación administrativa respecto a actual Lei de estranxeiría, que garanta o acceso a todos os servizos públicos: sanidade e educación.
- * Creación de espazos de convivencia en idade escolar, que permita o coñecemento mutuo, o respecto á diferenza, a interculturalidade e o respecto á diferenza. Atención especial no Padroado de Deportes, que pretendemos recuperar, para a inclusión nas actividades deportivas escolares e federativas.
- * Formación específica a todo o funcionariado do Concello en materia de respecto ás diferenzas e tolerancia cero co racismo e a xenofobia.
- * Actividades escolares de formación impulsadas dende o Consello Escolar Municipal para a consideración do fenómeno migratorio como fonte de enriquecemento cultural e social das persoas libres e iguais en dereitos.





MOCIDADE

Ferrol en Común coñece do valor fundamental de procurar as condicións sociais, económicas e culturais necesarias para producir a integración da xuventude da nosa cidade na vida social. Queremos contar coa mocidade que estuda e traballa para construír unha sociedade outra, quen de caracterizarse polos valores da igualdade e a solidariedade.

Nós construímos, valga como exemplo, os locais de ensaio e amosamos a nosa capacidade para producir iniciativas e políticas atentas ás necesidades complexas da xuventude. Ou achegamos de xeito didáctico a arte contemporánea aos centros educativos.

FeC desenvolverá un amplo abano de medidas para acadar as condicións que permitan a emancipación da xuventude ferrolán e propicien a súa condición de suxeito autónomo e protagonista na construción da nosa cidade:

- * Creación da CASA DA MOCIDADE, que será autoxestionada polas mozas e mozos.
- * Elaboración dun Plano Local de Emprego dirixido ás mozas e mozos, con servizos e programas de orientación laboral que fomenten a súa inserción no mercado de traballo e a súa emancipación do fogar dos proxenitores.
- * Programa de apoio específico ás cooperativas integradas por xente moza.
- * Desenvolvemento dun programa específico de Orzamentos Participativos para a mocidade, quen de facer pedagogía neste sector acerca das posibilidades certas que ofrece a Democracia Participativa.
- * Creación dunha tarxeta xoven que permita o acceso gratuíto aos centros deportivos do concello, ás actividades culturais e o transporte público urbano no noso concello, modulado segundo a renda familiar.
- * Desenvolvemento dunha programación de dinamización cultural.
- * Compromiso de non empregar ETT,s e axencias privadas de colocación, que adoitan explotar en particular á xente moza.
- * Asignación dunha cota de vivendas en aluguer para fomentar as posibilidades de construír unha vida autónoma.
- * Creación dunha Asesoría Integral para mocidade e adolescencia, para proporcionar



información e recursos nos diversos eidos sociais de atención preferente para estes colectivos: educación, saúde sexual, emprego, etc.

- * Elaboración dunha rede de instalacións deportivas de barrio para deportes tradicionais e alternativos.
- * Ampliación dos horarios dos centros municipais para ampliar a oferta de ocio de lecer alternativo en particular nas fins de semana.
- * Integración das políticas de fomento do asociacionismo mozo para artellar e dinamizar a integración social da xuventude
- * Inclusión nos pregos de contratación de cláusulas que permitan a integración de mozos e mozas formados no Centro de Orientación Laboral do Concello
- * Creación dun parque de deportes urbanos en Fimo
- * Construción dun espazo de lecer no Campamento Militar de Covas, que permita a elaboración de roteiros pola costa, actividade didáctica coordinada cos IES do Concello. Do mesmo xeito roteiros urbanos que permitan achegar a historia de Ferrol e a memoria histórica democrática aos mozos e mozas.

EDUCACIÓN

O ensino público constitúe a garantía da aplicación real e efectiva do dereito universal do dereito á educación para todas e todos, de xeito universal, gratuíto e de calidade.

Partindo de que, entre os dereitos universais do ser humano, un dos principais é o dereito á educación, desde FeC defendemos un ensino público, universal, gratuíto e de calidade, imprescindible cara a crear unha sociedade mellor.

A Educación, para FeC, ten coma sinais de identidade características o seu carácter pública, laica, pluralista e democrática, o compromiso cun ensino científico e crítico, respectuoso coas diferenzas á vez que integradora coas mesmas, inclusiva e compensadora das desigualdades sociais de orixe. Unha educación que valora a interculturalidade na que vivimos e que serve esta coma eixe vertebrador dunha educación baseada no respecto entre as persoas.

Segundo o acertado proverbio africano “fai falta toda a tribo para educar a un neno”, desde





FeC cremos que o concello ten que asumir un papel protagonista e ser axente activo, no eidos das ensinanzas regradas ou non regradas que se imparten na nosa cidade.

Para acadar unha educación pública de calidade en condicións de igualdade, Ferrol en Común propón as seguintes medidas para a nosa cidade:

- * Neste momento de crise, é fundamental un correcto funcionamento dos comedores escolares pois é sabido que moitos nenos e nenas da nosa cidade necesitan deles para poder ter unha alimentación completa. Desde Ferrol en Común pensamos que débense fortalecer as becas-comedor, realizar un control dos comedores de tódolos centros escolares de Ferrol . É fundamental que o concello xestione a apertura dos centros escolares nos períodos vacacionais para poder ofertar aos alumnos con beca-comedor a posibilidade de acudir a estes durante todo o ano, sempre vinculadas a actividades extraescolares. Do mesmo xeito, promover os campamentos de verán co mesmo obxectivo, por unha parte formación lúdico-pedagóxica e por outra garantir que os nenos e nenas con poucos recursos económicos teñan unha alimentación saudable e equilibrada.
- * Proporase un convenio coa Xunta de Galicia que promova unha rede de distribución de produtos autóctonos, saídos da rede de cooperativismo agrícola impulsado desde o Concello, onde se inclúan todos os comedores escolares, dependendo dunha cocina centralizada, que potencie a autosuficiencia destes centros con produtos da comarca.
- * Establecer unha relación directa a través do Consello Escolar Municipal cos centros escolares para detectar dificultades que poida ter o alumnado procedente doutras culturas, con diversidade funcional, con exclusión social e así desde o Concello propor actuacións específicas que axuden a inverter esta situación. O Consello Escolar Municipal debe ser máis operativo e nel incluírase a concelleira de servizos sociais, participando nel a Concellería de Benestar Social.
- * Constitución dunha comisión multidisciplinar (traballador social, educador social, representante do Sergas, policía municipal, ONGs da zona relacionadas coas familias, representante de inspección educativa...) que se reúna mensualmente para tomar decisións importantes relacionadas coas familias en risco de exclusión social, para previr e intervir en situacións de abandono das funcións parentais e do absentismo escolar. A parte preventiva-educativa das familias hai que considerala como o pilar do que partirán todas as demais actuacións.





- * Realizar un programa de actividades onde se aproveiten os espazos educativos fora do horario escolar e se realice neste unha serie de actividades socio-culturais e deportivas. Desta maneira cubriríamos dous obxectivos fundamentais: Ter un horario máis amplo dos Centros, facilitando así a conciliación da vida laboral e familiar e, por outra parte, ampliar os recursos educativos-culturais da nosa cidade e de que mellor forma que facelo que nos mesmos centros educativos.
- * Programas comúns co Padroado de Deportes: continuar coa actividade de piscina gratuíta para todos os cursos de E.P, convenio con entidades para realizar obradoiros de diferentes deportes, motivando así a nenos e nenas a realizar fóra da escola este tipo de actividades deportivas fomentando unha vida a vida saudable.
- * Fomentar desde o Concello unha rede de contactos entre os centros educativos da nosa cidade, para axudar a detectar entre eles diferentes problemáticas comúns e así poder denuncialas ao concello de primeira man.
- * Desde Ferrol en Común cremos firmemente da función educativa na etapa de 0 a 3 anos, que desenvólvese nas escolas infantís.
 - Debemos dotar con maiores recursos as escolas infantís públicas que hai na cidade, mais na actualidade, estamos moi lonxe de ofertar en escolas infantís públicas da nosa cidade a demanda existente. Creemos no obxectivo de poder cubrir a demanda con prazas públicas, mais debemos apoiar as escolas infantís subvencionadas con fondos públicos que se están a deixar morrer pola Xunta de Galicia e que , polo momento, cobren a necesidade de escolarización nesta etapa das familia de clase traballadora.
- * Aumento de orzamento para mantemento nos centros públicos da cidade.
- * O Concello establecerá un programa estable de conferencias e obradoiros encamiñados a traballar valores coma a igualdade de xénero, Dereitos Humanos, diversidade cultural, consumo responsable,...que logo facilitará aos centros educativos para que os incorporen ás súas programacións anuais. Asemade, en torno ao coidado do medio ambiente, as Aulas de Ecoloxía Urbana, Reciclaterra e a Sociedade Galega de Historia Natural terán un papel relevante.
- * Fomento desde o ámbito municipal dos proxectos de innovación educativa realizada nos centros educativos, dalos a coñecer á cidadanía e proxectar as boas ideas aos cidadáns e ao resto de centros educativos, para así coñecer as liñas que traballan os seus





compañeiros e compañeiras de profesión. Facilitar as relacións entre diferentes centros educativos da cidade, realizando xornadas de convivencia e de posta en común de proxectos.

Neste ámbito se xustifica a presenza, dentro do Consello Escolar Municipal, da representación do Centro de Formación e Recursos, que contan xa cunha rede de centros cos que están en contacto.

- * As actividades ofertadas desde o concello, serán coordinadas cos mesmos centros educativos, para que o ofertado se conxugue co currículo escolar nos diferentes momento do curso escolar.
- * Poñer á disposición dos Centros Educativos, artistas da nosa cidade para que coñezan a súa obra de primeira man e que, de maneira práctica, poidan desenvolver o seu traballo artístico nos centros escolares.
- * Ampliar o convenio entre concello e o Círculo Ferrolán de Xadrez, para que se oferte xadrez nas escolas da cidade desde Educación Infantil 5 anos ata 6º de Primaria.
- * Continuar co programa de actividades extraescolares gratuítas para os centros públicos xestionado polo Concello.

CULTURA. LINGUA GALEGA

Ferrol en común entende como prioritaria a defensa da lingua e os valores culturais propios da nosa cidade e país.

A participación cidadá, non podería ser doutro xeito, é o outro alicerce sobre o que se apoia o noso programa de cultura. É necesario contar co rico tecido asociativo existente e co resto dos axentes implicados na cidade para dinamizar e aproveitar as políticas a desenvolver. Isto debe ser aplicable tanto na repartición de recursos materiais (que debe de ser sempre consensuado e sobre a base de convocatorias abertas e transparentes) como da información xerada dende a área.

A programación dos distintos espazos dispoñibles é básica e debe de realizarse con criterios claros e profesionais pero trátase dun aspecto máis nunha armazón cuxa finalidade é capacitar os nosos veciños para abordar o feito cultural dende todas as vertentes posibles. Neste aspecto





e hoxe máis que nunca hai que apoiar a produción local tanto con bolsas e axudas económicas coma coa reutilización dos locais existentes. É fundamental tamén xestionar cursos, talleres e escolas municipais nas distintas disciplinas. A interrelación deste programa de traballo co sistema educativo e asociativo permítenos tecer unha rede que sirva para propiciar un grande enriquecemento cultural na base da nosa sociedade.

A nosa ambición é trasladar o mundo da creación á rúa, aos espazos que non son os habituais. Somos conscientes que é necesaria unha maior implicación co conxunto da cidadanía e o valor da cultura na dinamización de políticas urbanísticas sostibles é por iso que se priorizarán aqueles eventos que impulsen esta visión transversal.

Para desenvolver todo este programa Ferrol en común entende como básico contar coa pequena industria local existente na área así como impulsar o cooperativismo cultural que está a xurdir na cidade.

Ferrol en común quere salientar especificamente o seu compromiso de solucionar os problemas existentes no Ateneo Ferrolán cos seus fondos e espazo. Esta implicación vén dada pola persecución política sufrida por unha das entidades máis activas e comprometidas da cidade

Así mesmo, FeC comprométese a impulsar o uso da lingua galega en todas as relacións coa administración, a aplicar estritamente a ordenanza de normalización lingüística e a dinamizar actividades culturais que dean pulo ao uso da lingua en todos os eidos sociais da cidade.





EMPREGO

A nosa cidade vive nunha situación de emerxencia social. A nefasta xestión dos gobernos anteriores conduciron a unha situación sen perspectivas de resposta pública no ámbito do emprego, para as necesidades asistenciais ante o risco de empobrecemento, ou na perda poboacional e envellecemento. Consideramos que a clave para un cambio centrado no regreso da acumulación da riqueza nas rendas de traballo está precisamente na resposta pública ás necesidades da xente, na reorientación da distribución da riqueza para un equilibrio social máis xusto.

O incremento en 20 puntos porcentuais do desemprego nos últimos seis anos, a perda de 10.000 habitantes, o alarmante envellecemento da poboación e a pobreza real en Ferrol, que a Concelleira de benestar desminte e inmediatamente é corrixida polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, demandan algo máis que unha xestión diferente, requiren dun cambio de modelo produtivo e de participación cidadá, con políticas activas de emprego a través da remunicipalización e a inclusión de cláusulas sociais nos pregos de licitación e coa constitución do Goberno municipal como organizador social que dea resposta e se enfrente as carencias do réxime.

O sector naval, en proceso de liquidación, require dun novo pulo e investimentos públicos masivos que garantan a carga de traballo, como está a suceder en estaleiros do entorno europeo, pero, ao mesmo tempo, débese loitar contra o monocultivo industrial e, para iso, non chega coa creación porque si de solo industrial que quede á espera de grandes corporacións contratantes en réxime de escravitude, senón que cómpre dinamizar novos sectores ligados á enerxía verde, aos servizos sociais ou á agricultura ecolóxica, que permitan potenciar á empresa e autónomos locais, o pequeno comercio e as cooperativas, o emprego de calidade e para o 30% de ferroláns que non poden traballar.

As competencias municipais de emprego están moi constringidas e dependen en gran medida do financiamento tanto autonómico como estatal. Sen embargo, o goberno municipal debe referenciarse como un auténtico insubmiso fronte ao poder neoliberal. Sen reformas a nivel global non hai esa posibilidade de cambio e, ante a oportunidade histórica neste inicio de ciclo que seguirá nas eleccións xerais e autonómicas, debermos referenciar os concellos como motor e impulso da cidadanía que ven demandando un novo modelo social, democrático, participado





e con traballo, con servizos públicos e con vivenda garantidos. Para iso cómpre a anulación da lei anti-concellos e do artigo 135. A institución máis próxima á cidadanía, o Concello, debe ser a máis forte e participada, e para iso fan falta competencias e financiamento, de aí a urxencia destas reformas. Tamén é de urxencia a erradicación da reforma laboral para un cambio de modelo produtivo.

O goberno municipal acumulou remanentes por ata 13 millóns de euros, froito de partidas sen executar. Eses 13 millóns, equivalentes a un 25% do orzamento municipal, servirían para crear máis dun millar de postos de traballo estable e garantido, de forma directa, e que repercutiría na reactivación da economía local a través do comercio e a hostalería, cun impacto indirecto exponencial.

Autonomía financeira

- * Auditoría da débeda pública. O concello de Ferrol ten unha débeda de 28 millóns de euros. Cómpre loitar contra a austeridade financeira que implica antepor a calquera política social o pago desa débeda, e discernir a parte ilexítima a través dunha auditoría cidadá, como se ten [feito en Rivas Vacia](#)
- * Progresividade fiscal, en base aos principios de equidade suficiencia e progresividade. Loita contra a fraude fiscal. Maior competencia tributaria municipal.
- * Recargo do 50% IBI nas vivendas baleiras propiedade de bancos e empresas. Cantidade equivalente nos orzamentos municipais para vivenda social.
- * Fiscalidade especial para actividades substitutorias de emprego (caixeiros, gasoleiras de autoservicio,...)

Modelo público de xestión

- * Auditoría de todos os servizos privatizados e remunicipalización
- * Creación de consorcios e **empresas municipais de servizos, empresa municipal de vivenda e Axencia de Colocación Municipal, referenciada en torno ao Centro de Integral de emprego e economía social**, que desenvolva unha Estratexia Municipal polo Emprego, todos eles participados pola sociedade civil
- * Desenvolvemento no ámbito do emprego do Regulamento de Participación Cidadá
- * Creación dun Observatorio da Crise con participación sindical e social, para seguir a evolución da mesma, o impacto na cidade e achega de solucións e propostas concretas





- * Rexeitamos o modelo de subvención caciquil a través das deputacións e apostamos pola comarcalización a través da cooperación mutua entre concellos, como forma de artellar servizos públicos que garantan maior calidade no emprego e mellor dotación de servizos (bombeiros, auga, solo industrial,...)
- * **Empresa Municipal de Servizos:** recollida de residuos, limpeza, mantemento de viais, mantemento e limpeza da rede de colexios públicos, mantemento de parques e xardíns. Todos estes servizos, na actualidade privatizados e precarizados, poderían dotar de decenas de postos de traballo estable ao noso concello a custe cero. Empresa que debe ser transparente na xestión e participada na decisión.

Emprego digno e de calidade

- * Garantía dunha renda mínima de subsistencia, condicionada a empregos verdes e de carácter social
- * Transversalización da perspectiva de xénero en todas as políticas de emprego municipal
- * Emprego precario 0 no público, impulso da negociación colectiva e reversión da tendencia de creación de prazas de xefaturas que abriron a porta a privatizacións masivas.
- * Creación de **emprego de calidade nas empresas remunicipalizadas**, con dotación suficiente de cadros de persoal e garantía para o persoal subrogado, ademais de cláusulas que favorezan a inclusión de colectivos especialmente prexudicados nas novas contratacións: maiores de 55, familias monoparentais, parados/as de longa duración
- * Plan especial de formación e emprego para a mocidade. A través do **Centro de Orientación referencial** e sen perder a vinculación coa Xunta de Galicia, pero que sirva de nexo de unión entre o Concello e a contratación de obras, a empresa de servizos, a rexeneración urbana e rehabilitación de vivenda e o emprego verde, en base aos convenios salariais ou, no caso de empregos de nova creación que non sexan substitutorios de emprego público e centrado en actividades ecolóxicas ou sociais, en base ás táboas salariais do EG (Emprego garantido)
- * Inclusión de cláusulas nos pregos de condicións que primen a empresa autónomos locais, así como que favorezan á xente formada a través do Centro de Orientación Laboral, ao que se terá acceso en base a criterios de renda ou risco de exclusión





- * Cláusulas prohibitivas da subcontratación e penalización a empresas con incumprimentos en materia de discriminación por razón de raza, sexo ou ideoloxía, en materia de prevención e seguridade ou con antecedentes de falta de negociación colectiva, explotación laboral e incumprimentos en pregos de condicións (*Caso Urbaser, contratación á empresas do seu grupo sen pasar polo pleno*)

Economía social

O monocultivo industrial do Sector Naval e a crise inducida pola falta de vontade política en soste un Sector Naval Público forte a través dun Plan Estratégico Industrial de futuro, deixou na nosa cidade un exército de desempregados, número que devén en estrutural debido á falta de políticas activas de emprego, políticas reais que consoliden emprego máis alá da precarización do mesmo a través do turismo ou o sector servizos.

Non chega con crear solo industrial sen máis, e agardar que as solucións veñan do ámbito privado, dende onde a reforma laboral e a impunidade da explotación, converten as persoas en traballadores empobrecidos.

Ferrol defende a socialización de todos os terreos públicos municipais, incluídos os contidos no convenio co Ministerio de Defensa, e a súa posta a disposición da cidadanía para usos sociais e de lecer, cooperativismo agrícola, nichos de empresas locais e servizos públicos.

- * Cooperativismo agrícola: posta a disposición de terreos, formación, financiamento na compra da maquinaria e favorecemento do seu uso cooperativo, favorecer as canles de distribución nos mercados municipais, impulso da marca Ferrol nos produtos autóctonos.
- * Fomentar o comercio local como mecanismo de cohesión social no centro da cidade e nos barrios, fronte ás grandes superficies comerciais, artellando un sistema de microcréditos para o impulso de iniciativas e redes cooperativas para o comercio local.
- * Impulsar a economía social noutros eidos como os servizos sociais, a axuda no fogar, atención á dependencia e favorecer as cooperativas de oficios. Isto axudaría á creación de emprego e á desaparición da economía mergullada, quedando no ámbito da protección da seguridade social.
- * Promoción do emprego público destinado a tarefas medioambientais a través da





empresa municipal de servizos.

- * Programa de rexeneración urbana e rehabilitación de vivenda (contido na parte de urbanismo...) no que primen cláusulas de potenciación do emprego de calidade e local.

SECTOR NAVAL

- * Investimento masivo público en medios materiais e persoais. Jackets, plataformas off shore ou a eólica mariña son novos mercados que enchen de ocupación estaleiros de Holanda e outros países do norte, con salarios moito máis altos que os de aquí, o que anula o argumento de ser pouco competitivos en Ferrolterra por ter os operarios e operarias salarios demasiado elevados. O investimento público contrasta co Plan Ferrol, unha captación de inversións que foi un fracaso e debe ser substituído por dotacións orzamentarias públicas, sendo catalogado o sector naval público como estratéxico para a política nacional
- * Creación dun centro de transferencia tecnolóxica, integrado no Campus de Esteiro, nos terreos de defensa, desprazando a este barrio o campus de Serantes, cun forte investimento en I+D+i a través dun consorcio ou ente público composto por Navantia-Defensa-Xunta de Galicia, que favoreza unha diversificación de mercado e minorar a dependencia de patentes estranxeiras
- * A curto prazo, construción dun dique flotante e dun dique seco cuberto, que permita a reparación de grandes buques
- * A longo prazo un proxecto estratéxico de futuro que permita a pervivencia dos estaleiros encadrados no ámbito público, e fomenten a creación de postos de traballo digno e con dereitos.





URBANISMO E VIVENDA

1. Os **principios reitores** que deben informar sobre a política urbanística son os de sostibilidade, transparencia e participación.
2. **Transparencia:** Creación dun regulamento municipal de transparencia urbanística que obrigue ao poderes públicos á explicación detallada das decisións e que inclúa o financiamento das operacións e o gasto común. A tal fin se creará unha oficina pública de transparencia que se ocupe da xestión do regulamento e entre outras contemple regular detalladamente os casos de valoración e asignación do solo público e impedir os usos non sociais das porcentaxes de solo de cesión de uso público .
3. **Participación.** Consello Sectorial de Urbanismo e Vivenda. Reforma do Regulamento de Participación Cidadá para facer máis explícita as obrigas do goberno cara informes preceptivos dos órganos de participación (Consello Sectorial e Consello da Veciñanza) e reforma que facilite a habilitación das consultas populares sobre asuntos urbanísticos que poidan ser reclamadas pola cidadanía.
4. **Sostibilidade.** Redacción dun Plan estratéxico onde se establezan as liñas e principios fundamentais a acometer para a reforma do Plan Xeral de tal xeito que o novo PXOM resultante sexa subsumible nel. O plan contemplará:
 - * A fin dos plans expansionistas.
 - * A prioridade de traballar na cidade consolidada.
 - * A rexeneración urbana para os barrios e un estudo detallado de necesidades dotacionais.
 - * Unha estratexia verde.
 - * Unha proposta de mobilidade democrática.
 - * Unha proposta intermunicipal para o planeamento territorial e urbanístico.





Vivenda

1. Creación dunha **empresa municipal de vivenda** con competencias en xestión e desenvolvemento de políticas proactivas de subvención á rehabilitación privada, promoción pública de rehabilitación para aluguer social a través da mobilización de vivendas baleiras, reurbanización, mobilidade, promoción económica específica, e integración social de colectivos marxinais (anciáns/ás desempregados/as etc..)
2. Aposta decidida pola **rehabilitación integral e a rexeneración urbana planificada desde unha perspectiva contraespeculativa**. A política de vivenda social ten que estar vinculada non á obra nova senón a propostas de rehabilitación de vivenda baleira existente. Non ten sentido que a administración invista en vivenda nova, cando parte do parque, xa sexa privado ou público, está sen uso sendo esta situación especialmente gravosa naqueles lugares nos que existen problemas de acceso e/ou calidade do parque de vivendas habitado. Aposta estratéxica pola rehabilitación enerxética do parque de vivendas e promoción do emprego vinculado a tal fin. Políticas activas de promoción do emprego vinculado aos oficios de rehabilitación e mantemento de edificios.
3. Garantir a rehabilitación dos barrios degradados garantindo a accesibilidade, a solución á obsolescencia enerxética e a adaptación ás pluralidade de demandas (pluralidade de formas familiares)

A falta dunha boa lei galega de acceso á vivenda procederase a poñer en marcha o contemplado na Lei 8/2012 de vivenda de Galicia de 29 de xuño proceder a conveniar co IGVS unha solución para Recimil, San Pablo e outros barrios de tal xeito que se garanta a rehabilitación integral con sostibilidade enerxética a partir de modelos de xestión ad hoc, público ou mixto público privado: vivendas protexidas de promoción pública, de inserción ou asistenciais etc. Potenciación da fórmula de asociación administrativa contemplada na lei estatal de rehabilitación e rexeneración para potenciar unha colaboración entre o IGVS os propietarios ou inquilinos de vivenda pública e o concello.

4. A rehabilitación integral de barrios farase contemplando catro accións sistemáticas e interactivas:





- * Planeamento técnico.
- * Xestión coparticipada entre administración e veciñanza.
- * Financiamento que facilite a obra por parte do propietario ou inquilino.
- * Formación e asesoramento técnico – empresarial.

5. A rehabilitación integral contemplará complementariamente a promoción do **comercio de proximidade** dentro dunha política de apoio ao pequeno comercio e rexeneración económica.
6. Creación dun **estudo integral de necesidades habitacionais** incluíndo un apartado específico sobre demandantes de vivenda de protección oficial e de vivenda libre, sesgado por demanda de vivenda habitual, segundas e terceiras residencias, poboación e outras categorías que mostren o grao de necesidade dos colectivos demandantes ao longo do territorio do concello e permitan priorizar actuacións. O estudo incluírá unha proposta para a definición inequívoca da infravivenda, o seu catálogo e casuística municipal e unha proposta de plans de erradicación.
7. **Reforma e potenciación da OMIC municipal** creando unha sección de información e inspección inmobiliaria que se encargue de controlar a fraude e velar pola calidade e seguridade do mercado inmobiliario no seu conxunto (vivenda protexida especialmente, aluguer e compravenda de vivenda libre) así como servir como canle de denuncia e información dos dereitos do consumidor relativos ao mercado inmobiliario.





MOBILIDADE E TRANSPORTE PÚBLICO

A mobilidade e transporte público ao servizo dos/as cidadáns/as é unha das carencias da cidade. Como cabeceira de comarca, e sendo esta en canto espazo socio-xeográfico unha ría, Ferrol é o nó do transporte que abrangue a propia ría así como as comarcas limítrofes do Eume e Ortegal.

De maneira participada se debe acometer os principais problemas de mobilidade da cidade e comarca:

- * FEVE, rede de camiños de ferro de vía estreita, cumpre unha función peculiar de comunicación intercomarcal e do norte costeiro galego. Desde un punto de vista de defensa irrestrita do servizo público a función para Ferrol e comarca de servizo de proximidade debe ser preservada e mesmo potenciada.
- * Plan de mobilidade, a implementar e executar, para a cidade de Ferrol debe ser **discutido co movemento asociativo**. Para o centro da cidade, lugar de asentamento de servizos esenciais, o plan debe ser participativo no seu deseño e execución consonte cos condicionantes do plan URBAN en canto a participación cidadá e transparencia na toma de decisións.
- * Transporte metropolitano debe ser mellorado asumindo **demandas xa históricas do movemento asociativo** de Ferrol no sentido de abranguer tanto a polígonos industriais, servizos esenciais (Residencia sanitaria-CHUF e Hospital Juan Cardona, por exemplo) como a implementación da liña circular para o conxunto da Ría: Ferrol-Narón-Neda-Fene-Ferrol.
 - Atención especial á zona rural e a súa dispersión poboacional.
 - Implementación dunha rede ortogonal para a trama urbana ferrol-narón que posibilite que ningún parte do territorio (barrios) quede sen comunicación.
 - Creación dun sistema tarifario integrado a partir dunha zonificación e tarxeta/billete únicos-bonificación total a desempregados/as e colectivos en risco de exclusión
 - Potenciar o traslado dos traballadores/as ao seu centro de traballo en transporte público (navantía, polígonos industriais da comarca,...)





Ademais terá como cometido dar pasos consecuentes cara a constitución dunha empresa pública de transporte de tal xeito que o servizo sexa por xestión directa e se preste atendendo a criterios de carácter social e sustentable, desbotando os aspectos economicistas que lastran o servizo público con xestión privada.

FERROL EN COMÚN É DEPORTE

O actividade física e o deporte competitivo, recreativo e de ocio, estanse a converter nun dos elementos nos que se produce unha maior participación e entidades organizadas e coordinadas para o desenvolvemento do mesmo e que é asumido polo conxunto da sociedade como unha actividade cultural para mellora da forma física, a saúde e a calidade de vida e o desenvolvemento integral do individuo.

As nosas liñas fundamentais de actuación serán: a promoción da práctica deportiva, facilitar o acceso as actividades físico-deportivas realizadas na nosa cidade, desenvolvendo contidos deportivos que permitan unha racionalización do gasto público así como o uso das instalacións, a todos e todas. Para iso marcámonos como principio fundamental "Promover a práctica deportiva entre a cidadanía, independentemente da raza, sexo, condición social, idade ou estado físico.

Deporte saúde e deporte iniciación

Ferrol en común marcase como obxectivo garantir a todas as persoas o acceso a unha practica deportiva e de calidade, baseada na igualdade e na integración, e na protección do medio natural na practica deportiva

- * Promover actividades físico deportivas que favorezan a prevención de doenzas, e manteñan o estado de saúde. Estas actividades realizaranse nas instalación existentes no Concello, respectando os barrios ou parroquias, para a posta en marcha das mesmas
- * Realizar actividades destinadas a diminuídos psíquicos e físicos. Tod@s temos dereito ao deporte e para iso dotaremos medios en colaboración con asociacións sociosanitarias coas que traballaremos coordinadamente
- * Creación de rotas de sendeirismo e potenciación das existentes, así como o





establecimiento de normas de uso para lugares que están de forma continua habilitados para a práctica de deportes no medio natural.

- * Promover e potenciar deportes mariños, aproveitando a boas condición xeográficas que temos, facilitando a súa práctica e perseverando so locais que están sendo usados actualmente para elo, establecendo un plan de actuación a medio prazo que permita ao Concello contar cunha instalación propia para poñer a disposición dos clubs que actualmente están desenvolvendo unha labor importante neste campo
- * Organizar actividades competitivas no verán aproveitando as praias existentes na comarca. Torneo de fútbol-praia e de volei-praia
- * Organizar e fomentar o deporte escolar. Ferrol en Común apostará polo deporte como educación, promovendo e priorizando a formación de técnicos e adestradores, co obxectivo non só non deporte de alto rendimento senón tamén na base, como mecanismo de integración e igualdade. Realizaranse e organizaranse cursos de formación e reciclaxe de técnicos deportivos
- * Establecer un criterio racional e consensuada cos clubs e asociacións deportivas para baremar as axudas a dar para a organización destes eventos
- * Tamén se manterán as competicións habituais no Concello
- * Facilitar o acceso de instalacións ás equipas que están en competicións oficiais en función do nivel competitivo.
- * Realizar convenios cos equipos de elite para que estas organicen cursos e fomenten o deporte a través da creación de escolas deportivas, abandonando o actual sistema de subvencións. Así mesmo potenciarase a relación destes equipos cos de base para realizar labores de asesoramento e colaboración na formación de técnicos e xogadores.
- * Potenciar a colaboración cos centros escolares na organización das actividades deportivas extraescolares.
- * Organizar e colaborar na organización de competicións, coas federacións e clubs
- * Apoio administrativo e potenciación social dos deportes minoritarios
- * Apoio ás modalidades deportivas autóctonas e tradicionais, como vehículo de transmisión cultural





Xestión deportiva

Ferrol en común apostará polas vías de cooperación e xestión compartida con outros Concellos e organismos públicos, así mesmo recuperaremos o modelo de participación cidadá, creando o Consello Municipal de Deporte onde clubs, asociacións e Concello fixaremos en común a política deportiva de Ferrol

- * Criar unha política de prezos que inclúa bonificacións e exencións para as rendas baixas e as familias numerosas, e que en ningún caso sexa o impedimento para o acceso a unha práctica deportiva.
- * Aproveitar o aumento de novas infraestruturas para a realización e organización de actividades deportivas optimizando o seu uso e aumentando a oferta deportiva municipal.
- * Establecer unha periodización a hora de revisar os convenios establecidos con diversas entidades, para o cumprimento dos mesmos, establecendo puntos e apartados nos mesmos de obrigado cumprimento.
- * Repartir as subvencións en función dos baremos establecidos Atenderase a:
Número de participantes. Nivel de competición. Política de Igualdade
- * Administrar de forma directa e/ou a través de convenios (en determinados casos que así se consideren necesarios) con entidades deportivas sen ánimo de lucro, instalacións deportivas.
- * Establecer un número de reunións ao ano con todos os clubs da cidade, que permita ter un ferramenta de avaliación que permita ir analizando e estruturando o deporte no Concello, sendo estes protagonistas máximos á hora de establecer as prioridades en canto as posibles inversións e apoios ao deporte ferrolán (Regulamento de Participación. Consello Municipal do Deporte)
- * Establecer unha nova redacción de estatutos adaptada á sociedade deportiva ferrolá.
- * Elaborar un organigrama de persoal, así como funcións e responsabilidades laborais acordes ao posto a desempeñar.
- * Velar pola transparencia no proceso selectivo de persoal para o desempeño de postos de traballo





Transversalización.

A razón de levar a cabo unha xestión directa está en que o orzamento total en deportes é de aproximadamente un 7,2% do total do orzamento do Concello, e disto dúas equipas levan case o 20%. O que quer dicir que non se está repartindo de forma racional o orzamento. Un reparto racional destes recursos permitiría contratar a mais técnicos cualificados que permitise atender un maior número de cidadáns, cumprindo o principio básico de que os poderes públicos deben garantir a práctica deportiva.

Levar a cabo a supervisión e control da limpeza dos vestiarios das instalacións deportivas, así como o mantemento das mesmas, como forma de evitar e prever posíbeis accidentes. Actualmente existen algunhas instalacións mal atendidas ou monopolizadas que impiden que todos os interesados no seu uso se beneficien da súa utilización.

Asinar convenios de colaboración cos centros de Saúde para facilitar e levar a cabo programas de recuperación e prevención de doenzas que afecten ao organismo (sistema cardíaco, articulares, perda das capacidades motrices básicas, etc.).

A respecto da educación e cultura, o coñecemento dos beneficios que a práctica deportiva ten para a saúde, e a adquisición de hábitos saudables a idades temperás, permitir prever malas costumes nun futuro, de aí a importancia do deporte escolar e as actividades extraescolares.

Censo e utilización das instalacións, potenciando medidas para a súa máxima utilización. A habilitación de espazos verdes para a práctica deportiva no Concello é moi deficitaria. Ter lugares apropiados para a práctica deportiva, e que estes sexan de fácil acceso é algo a ter en conta no P.X.O.U.

Establecer un plan de novas construcións deportivas cumprindo criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética: Campos de herba artificial, remodelación e ampliación do pavillón do Ensanche, inversión de renovación do pavillón de A Malata, adecuación das pistas polideportivas da Casa do Deporte, adecuar para o uso administrativo do Estadio de A Malata para convertelo nun centro de ocio deportivo

Adecuación de lugares existentes con rotas ou circuítos indicados para realizar exercicios diversos, que ademais son instalacións con baixo mantemento (carril bici, pistas patinaxe, circuítos naturais, frontóns, senda verde urbana) Ten especial importancia a creación dun





circuíto permanente de cross.

Canto aos deportes no medio natural, realizaranse sempre respectando e preservando o mesmo, evitando realizar actividades que podan danar e deteriorar os espazos naturais. O coñecemento destes lugares permitirá fomentar e promover o respecto pola natureza e goce dela.

Polo que respecta á muller, o deporte serve como vehículo para a igualdade e que non haxa condutas marxinais, linguaxe e comunicación inclusiva. Fomentaranse actividades de deportivas femininas multidisciplinar e promovorase a participación en idades de iniciación. Ferrol en Común comprométese á creación de torneos e eventos de alto rendimento e base sen discriminar

Ferrol en común co obxectivo de acadar a integración terá en conta criterios de inclusión, conciliación, á hora de subvencionar a clubs ou eventos deportivos. Fomentaranse e valoraranse a aposta pola formación e pola creación de equipas directivas con presenza da muller

Elaboración de programas de cooperación coas áreas de Servizos Sociais e Cultura, para a realización de actividades de integración social, prevención de drogodependencias, normalización lingüística, antropoloxía.

Promoción da práctica deportiva como actividade de ocupación do tempo libre, informando dos beneficios da súa práctica.

Aspectos organizativos

Elaborar un organigrama do Patronato Municipal de Deportes, analizando as necesidades en canto a persoal e atribuíndo funcións aos mesmos, (actualmente non existe persoal técnico cualificado suficiente para levar a cabo o traballo deportivo dunha cidade do tamaño de Ferrol e cun movemento deportivo tan prolífero) referímonos sobre todo a persoal con formación técnico-deportiva. Estudar o actual regulamento de funcionamento do Patronato, para a súa optimización e aprobación de posibles cambios, debido principalmente, á pouca representatividade do movemento deportivo, a pouca efectividade na aplicación de políticas deportivas e o clientelismo que hai actualmente.





DESENVOLVEMENTO RURAL

A superación da fenda na prestación de servizos que separa a zona urbana da Zona Rural constitúe o motivo básico polo que a nosa organización presenta un aparatado específico da nosa proposta programática para superar esta situación proverbial.

A superación da escisión entre campo e cidade latexa no fondo de todas as desigualdades que aínda fan distinta a cidadanía en Ferrol.

Unha cidade que se quer cohesionada e sustentable ten que producir as condicións e servizos necesarios para que a veciñanza da Zona Rural poida dispor dunha prestación de servizos semellante á do resto da nosa cidadanía.

Na sempre pendente cuestión do saneamento, das construcións ilegais e dos vertedoiros incontrolados, no incumprimento da ordenanza sobre aproveitamento dos montes como noutras cuestións de provisión de servizos públicos, a cidadanía da Zona Rural semella ser de segunda. Lamentablemente a actitude do Goberno Municipal foi de desatención para as parroquias da Zona Rural, desoíndo as demandas que xuntanza tras xuntanza das entidades veciñais do rural ferrolán explicitaban diante da representación dos Grupos Municipais.

Xa que logo, FeC avoga por que o vindeiro mandato sexa o da atención a Zona Rural e para elo propoñemos a realización das seguintes medidas:

- * Dotación extraordinaria anual nos orzamentos para compensar o tradicional déficit de prestación de servizos públicos.
- * A rigorosa planificación e control do urbanismo costeiro e interior
- * Creación e dotación da unidade de policía ambiental para garantir a legalidade urbanística e o cumprimento das ordenanzas municipais que atinxen á Zona Rural.
- * Compromiso de aplicación real e eficaz da ordenanza municipal que regulamenta as actividades nos montes e espazos forestais, en particular no que atinxe a plantacións, vixilancia efectiva das actuacións dos madeiristas e o coidado das distancias a predios e viais, ao obxecto de preservar o monte como riqueza natural, social e económica clave.
- * Extensión dos servizos de saneamento aos núcleos da Zona Rural que aínda adoecen del:





Esmelle, Covas, Doniños, San Xurxo e Marmancón. Farémolo cun sistema de minidepuradoras que é viable tanto técnica como economicamente executar neste mandato.

- * Acción específica para a mellora do transporte público urbano mediante a mellora das liñas e o abaratamento do custo do billete.
- * Planificación participada e descentralización das actividades culturais, mellorando os espazos das entidades veciñais para a súa acollida. Achegamento da veciñanza do rural as exposicións e actividades que polas súas características teñan que residir nos espazos escénicos urbanos.
- * Plan municipal de adquisición como bens públicos dos espazos que reúnan as condicións de interese ambiental, arqueolóxico ou cultural para a nosa comunidade. O concello promoverá beneficios fiscais aos particulares que sosteñan elementos singulares do noso patrimonio ao obxecto de propiciar o seu coidado e preservación.
- * Acceso das redes wifi para facilitar a superación da fenda dixital que se está a crear coa falla deste servizo no medio rural. En xeral a garantía de acceso ás novas tecnoloxías en condicións semellantes á area urbana da cidade.
- * Mellora do servizo eléctrico, considerado elemento de primeira necesidade.
- * Ampliación do sinal televisivo para garantir a axeitada recepción das emisións.
- * Extensión do servizo da telefonía por cable.
- * Planificación participada e extensión das actividades deportivas.
- * Plan municipal de mantemento de infraestruturas e viais.
- * Plan de mantemento de espazos de ocio e lecer de carácter natural. Un exemplo flagrante é a deixadez na que resta o Bosque dos Nenos, espazo natural recuperado pola acción de Lapis Verde e que carece de mantemento algún.
- * Estabelecemento dunha limpeza periódica efectiva das gabias ao longo de todo o ano.
- * Control e rigoroso seguimento das obras desenvolvidas nas parroquias para garantir o seu axeitado remate.
- * Promoción e mantemento nos locais sociais dunha rede de tableiros para facilitar a





máis ampla e variada información á veciñanza.

- * Reserva de espazos peonís ao longo das vías públicas nas zonas poboadas e máis onde sexa posible.
- * Promoción de solo público para a edificación de vivendas de carácter social tamén na Zona Rural.

MEDIO AMBIENTE

ESPAZOS NATURAIS E BIODIVERSIDADE:

1.- Revisión e adaptación do P.X.O.M. aos criterios de conservación da Rede Natura:

Unha das medidas urxentes a adoptar desde o ámbito municipal é a revisión e adaptación do Plano Xeral de Ordeamento Municipal (en diante P.X.O.M.) aos criterios de conservación e delimitación dos espazos naturais que integran a Rede Natura, así como de outras figuras de protección a nivel estatal, galego e local coexistentes, establecendo unha nova figura de protección ambiental de carácter municipal que aglutine non só todos estes espazos, senón tamén todas aquelas zonas naturais, cos seus respectivos hábitats de interese, que ficaron fora da protección oficial da Xunta ou que foron incluídos parcialmente. Na cartografía que acompañe ao P.X.O.M. deben figurar de xeito claro e sen ambigüidades a delimitación do novo ámbito de protección municipal. Así mesmo, as normas que rexan neste ámbito protexido de carácter municipal deben ser absolutamente intransixentes con todas aquelas accións ou actividades antrópicas que ameacen a súa integridade, priorizando os criterios de conservación sobre calquera outros de tipo partidista, electoral, mercantil, urbanístico,...

2.- Catalogación e protección eficaz dos diferentes tipos de Humidais e cursos fluviais ferroláns:

Elaboración urxente dun inventario, o máis completo e rigoroso posíbel, dos diferentes tipos de humidais e cursos fluviais existentes no territorio municipal; a súa delimitación cartográfica no P.X.O.M., recollendo a superficie real dos mesmos; así como a creación de normas rigorosas que impidan a degradación ou destrución destes ecosistemas e a práctica de actividades incompatibéis coa conservación dos mesmos; nomeadamente, encoros, minicentraís, paseos fluviais, plantación de eucaliptos, chopos e piñeiros, recheos, obras de drenaxe, ..., outorgándolles unha figura de protección especial ao Regato de San Xurxo, cos seus regos e brañas asociados; o Río da Sardiña; o Rego de Leixa, o Humidal do Rego de Soagraña ou das





Cabazas; o Rego de Doniños; as brañas e turbeiras do Coto de San Xurxo, Monte das Campaíñas, Monte da Chá, Pico do Ouro,...

Unha vez catalogados e debidamente cartografiados todos os humidais ferroláns, deberá solicitarse ante a Xunta de Galicia a súa inclusión no *Inventario de Humidais de Galicia*, co seu correspondente código de identificación.

3.- Demolición de todas as edificacións e instalacións ilegais existentes na costa ferrolá:

Demolición de todas as edificacións e instalacións ilegais construídas nas últimas décadas en diversos lugares da costa ferrolá e moi especialmente nos espazos naturais protexidos (LIC Costa Ártabra, ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño, ...), reactivando e executando todos os expedientes de demolición que ficaron adiados *sine die* por intereses particulares ou partidistas. Os casos mais sangrantes acontecen nos lugares de Fontá, Vilamil, Penencia e Outeiro, na parroquia de Doniños; en Lobadiz, As Barranqueiras e Vila da Area, na parroquia de San Xurxo; O Xuncal, na parroquia de Esmelle; O Vilar, O Porto, Marmadeiro, Cardido, Sartaña, na parroquia de Covas, sen descartar outras zonas.

4.- Protección das derradeiras Fragas ferrolás:

Debido ao severo proceso de eucaliptización do territorio, faise urxente e necesario a catalogación e protección eficaz das últimas fragas residuais existentes no territorio municipal como a Fraga de Menáncaro (Serantes), o Souto do Monte Fontelo (A Graña), a Fraga da Pega (Leixa), a Carvalleira da Casa do Monte (Leixa), o Acivreiral de Covarradeiras (Covas), entre outras, cuxa delimitación deberá reflectirse na cartografía que acompañe ao PXOM.

A protección destas masas autóctonas debe garantir que non se leven a cabo, ademais de proxectos urbanísticos, a súa conversión en áreas de esparcemento semellantes aos parques e xardíns urbanos, con mobiliario urbano, etc., dado que as funcións destas masas arbóreas autóctonas deben ser outras como fornecer acubillo, alimentación e lugares de cria á fauna silvestre, permitir a dispersión de sementes a outras áreas, etc. Polo tanto, debe respectarse a integridade destas masas evitando, por exemplo, o desbroce do sotobosque.

5.- Catalogación e protección eficaz da Flora local ameazada:

De acordo co *Atlas y Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada de España*, a zona de costa comprendida entre Doniños e o Cabo Prioiro (Covas) está considerada, a nivel do Estado español, como unha das *Áreas importantes para la flora amenazada española* pola alta presenza



de endemismos botánicos (E. del Valle, J. Maldonado, H. Sainz e R. Sanchez - 2004). Non obstante, debido ao alto proceso de antropización que sofre o territorio municipal, outras especies botánicas que resultan comúns e abondosas no resto da Galiza fanse, sen embargo, raras ou extingúronse a nivel local. O Dr. en Bioloxía Jaime Fagúndez, no seu *Catálogo de la flora vascular del Concello de Ferrol (A Coruña)*, editado no ano 2011, xa advirte que *“Todas estas especies endémicas estrictas, raras o amenazadas por cualquier causa, constituyen un bien muy valioso que tenemos el deber de salvaguardar. Es responsabilidad de nuestras administraciones y de la sociedad en su conjunto el proteger estos seres vivos únicos y su legado a las generaciones futuras”*.

Por estas razóns, faise urxente e necesario que o Concello de Ferrol elabore un catálogo oficial no que se recollan todas as especies botánicas consideradas como endémicas, raras ou ameazadas, presentes no territorio municipal, indicando a súa localización xeográfica, estimación das súas poboacións e ameazas, co obxecto de establecer medidas de conservación para evitar a súa regresión ou extinción a nivel local. Neste catálogo deberíanse incluír tamén outras especies botánicas que, aínda resultando comúns e abondosas noutras áreas do territorio galego resulten, a nivel local, escasas, raras ou con presenza puntual por causas antrópicas ou naturais.

6.- Preservación da vexetación arbórea e arbustiva autóctona que xurde ventureira nos cómaros, noiros, lindeiros,... que delimitan parcelas, camiños e estradas:

Debido tamén ao severo proceso de eucaliptización e, máis recentemente, á alteración do medio físico e paisaxístico que supuxo a concentración parcelaria nas parroquias de Covas, Esmelle, Marmancón e Mandiá, destrúese boa parte da vexetación arbórea e arbustiva autóctona dos cómaros, noiros, lindes, ... que bordeaban os predios, corredeiras e camiños do medio rural; a cal non só enriquecía a paisaxe senón que ademais fornecía alimento e acubillo a numerosas especies de fauna silvestre.

Por estas razóns e en consonancia co artigo 10 da Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio, faise necesario crear unha normativa de ámbito local que protexa estes elementos da paisaxe e fomente a súa restauración nas zonas cualificadas como solo rústico, establecendo unha distancia mínima entre lindes na que se respecte a vexetación autóctona espontánea a modo de “cinto verde”. Así mesmo, deberíase incluír tamén a conservación e restauración dos valados de pedra tradicionais (muros de mampostería en seco) que compartimentan leiras,





prados ou montes ou terman de noiros verticais, os cales favorecen o asentamento da flora ruderal e fornecen acubillo a moitas especies de fauna silvestre.

Todas estas compoñentes da paisaxe contribúen á migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

7.- Erradicación de especies exóticas invasoras:

A introdución accidental ou deliberada (a través da agricultura, xardinería,...) de especies exóticas de carácter invasor fora da súa área de distribución natural constitue, a escala mundial, a segunda causa de extinción de especies autóctonas do medio invadido despois da destrución directa dos seus hábitats naturais.

Por estas razón, desde o ámbito local debe facerse un grande esforzo por frear e erradicar todas aquelas especies vexetais e animais de orixe exótico que, atendendo a criterios estrictamente científicos mais non partidistas ou mercantís, se consideren como un perigo potencial de invasión.

Parala elo, debería elaborarse un catálogo propio a nivel local no que se recollan, sen excepción, todas as especies exóticas (vexetais e animais) cualificadas como invasoras prohibíndose, a través dunha ordenanza, a súa introdución, cultivo, reprodución, tenencia, comercialización, ... en todo o territorio municipal. Así mesmo, faise necesaria unha campaña de sensibilización de cara á cidadanía para concienciala do problema ambiental que representan as especies invasoras, saber identificar ditas especies, ... coa finalidade de erradicalas progresivamente dos xardíns e fincas particulares. Tamén débese concienciar a viveiristas, horticultores/as, labregos/as, establecementos de venda de mascotas,...

O Concello, ademais de colaborar decididamente en campañas organizadas por outros organismos públicos competentes ou entidades ambientalistas, debería tomar tamén a súa propia iniciativa comezando por eliminar dos parques e xardíns públicos todas aquelas especies vexetais ornamentais consideradas como invasoras para substituílas por outras que non o sexan, incluíndo as marxes, noiros e rotondas das vías rodadas.

8.- Freo ao proceso de Eucaliptización:

Aínda que este severo proceso entra dentro do apartado das especies invasoras, por ser o eucalipto unha especie exótica de grande potencial invasor, debido á magnitude do problema débese dedicar un capítulo a parte. O fomento desde as institucións públicas e empresas do





sector madeireiro do cultivo intensivo e extensivo do Eucalipto no territorio municipal de Ferrol supuxo a práctica desaparición das masas arbóreas autóctonas, agás algúns pequenos redutos, que se traduciu nunha perda importante de biodiversidade, modificación da estrutura e do réxime hidrolóxico do solo, alteración paisaxística, incremento notábel dos incendios forestais polo carácter pirófito desta especie, entre outros impactos.

Aínda que as normas e directrices en materia forestal sexan impostas desde a Xunta de Galicia, desde o ámbito municipal e a través do P.X.O.M., poden crearse ordenanzas que prohiban o cultivo indiscriminado de eucaliptos en determinados ámbitos como os espazos protexidos, zonas húmidas e marxes de ríos, terras de cultivo, proximidades das vivendas; marxes de vías rodadas, ..., tal e como xa existen a nivel galego, mais facendo todo o posíbel para que se cumpran estritamente. Desde xeito, reduciríase considerabelmente a superficie desta especie arbórea perniciosa. Ao mesmo tempo, débese fomentar a suplantación progresiva dos eucaliptais por outras especies arbóreas de baixo impacto ambiental, para o seu aproveitamento madeireiro, con preferencia polas autóctonas.

9.- Reparación dos danos ocasionados pola concentración parcelaria nos ecosistemas naturais:

O proceso de concentración parcelaria nas parroquias de Covas, Esmelle, Marmancón e Mandiá, ademais de levarse a cabo de xeito ilegal, ocasionou un impacto moi negativo sobre diferentes ecosistemas das devanditas parroquias afectadas como zonas húmidas, cursos fluviais, formacións dunares,... resultando fraccionados e degradados a consecuencia da construción de novos viais. Así mesmo delimitáronse parcelas sobre diferentes tipos de zonas húmidas, usurpando e privatizando o Dominio Público Hidráulico (en diante D.P.H.) conlevando, na actualidade, o recheo ou desecación das mesmas.

Desde o ámbito municipal e, en aras do interese xeral, débese demandar da Xunta de Galicia a reparación dos danos ocasionados pola concentración parcelaria nos ecosistemas sinalados mediante a supresión de pistas nas zonas dunares e húmidas que resultaron afectadas, restablecendo o réxime hidrolóxico destas, recuperando o D.P.H. usurpado, eliminando os recheos efectuados ilegalmente, suprimindo os monocultivos de eucaliptos, chopos e piñeiros, entre outras medidas de restauración ambiental

10.- Apropiación municipal das instalacións militares desafectadas nos espazos naturais protexidos para uso exclusivo da conservación da natureza:





O Ministerio de Facenda, a través do denominado “Programa para la puesta en valor de los activos inmobiliarios del Estado”, puxo á venda uns 15.135 inmobres en todo o Estado dos cales, 280 atópanse na Galiza. A maioría destes correspóndense con instalacións militares e fincas rústicas actualmente en desuso, cos seus respectivos viais de acceso, situados nas parroquias rurais de diferentes concellos como o de Ferrol. No *Anexo Inmuebles Rústicos* do citado programa ven unha relación das instalacións, terreos e viais que o Ministerio de Facenda pretende vender en Ferrol.

Moitos destes terreos e vellas instalacións, principalmente baterías de defensa costeira, localízanse en elevacións e promontorios costeiros amparados por diferentes figuras de protección ambiental, no marco da Rede Natura 2000 (Directiva 92/43/CEE e Lei 42/2007, do 13 de decembro) como, por exemplo, os Lugares de Interese Comunitario *L.I.C. Costa Ártabra* e a Zona de Especial Protección para as Aves *Z.E.P.A. Costa de Ferrolterra-Valdoviño*.

Desde que foron abandonados, este tipo de instalacións e terreos son aproveitados por diferentes especies de fauna como lugares de acubillo, reprodución, invernada ou predación, polo que resultan de especial interese para o mantemento da biodiversidade nos citados espazos naturais.

Este feito xa se puxo de manifesto a través dun informe preliminar elaborado polas entidades ambientalistas como Verdegaiia e a Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) de Ferrol no ano 2008, remitíndose a varios organismos públicos como a Consellería de Medio Ambiente, a Demarcación de Costas e o concello de Ferrol para o seu coñecemento, ante o risco de que se fixese un aproveitamento indebido desas instalacións e terreos, ocasionando un prexuízo tanto á fauna silvestre como aos hábitats naturais de interese comunitario presentes.

Por conseguinte, o Concello de Ferrol debe apropiarse, mediante cesión gratuíta ou convenio co Ministerio de Defensa, de todas as instalacións e terreos militares desafectados (baterías de defensa costeira e análogas,...) existentes na fachada costeira ferrolá amparada pola Rede Natura ou por outras figuras de protección ambiental, co obxecto de que non sexan vendidas ao mellor postor destinándose, pola súa ubicación, a usos exclusivamente relacionados coa conservación da natureza, evitando a súa reconversión en espazos de lecer ao estilo do Monte San Pedro (A Coruña) ou ser cedidos a empresas ou particulares para usos hostaleiros, recreativos,..., dado que ditas instalacións e terreos acollen hábitats naturais e especies silvestres legalmente protexidos.





11.- Axilización do saneamento rural:

O primeiro intento de execución do saneamento rural ferrolán foi a finais dos anos noventa do pasado século, baseado nun custoso e ineficaz sistema centralizado, mediante a instalación dunha rede de colectores e sistemas de bombeo que impulsarían os efluentes contaminantes cara a EDAR de Caneliñas, supuxo no seu día un forte impacto ambiental ao pretender instalar os colectores á beira dos regos e regatos ou atravesando zonas dunares e húmidas. Como consecuencia das denuncias dos colectivos ecoloxistas, por sorte, paralizouse o proxecto *sine die*.

Debido á dispersión dos núcleos rurais consolidados, o saneamento nestas zonas debe realizarse de xeito descentralizado e por medio de solucións económicas e ecolóxicas viábeis como, por exemplo, o sistema de “Filtros Verdes”; é dicir, mediante a construción de pequenos humidais artificiais situados nas proximidades dos núcleos rurais que, por medio de vexetación palustre autóctona, absorban e depuren os efluentes. Existe un informe neste sentido da Universidade da Coruña, elaborado nos anos noventa do pasado século polo Catedrático de Enxeñería Química, Manuel Soto Castiñeira, aportando solucións alternativas ao saneamento rural ferrolán mediante o sistema dos “Filtros Verdes”.

De forma directa ou indirecta, moitos hábitats hidromorfos e especies asociadas, amparados pola Rede Natura, estanse a ver afectados polo vertido e infiltración de efluentes contaminantes procedentes dos núcleos rurais; ben polo baleirado directo de cisternas a estes ecosistemas carregadas de xurro ou indirectamente a través da escorrentía.

BENESTAR ANIMAL DE FERROL EN COMÚN.

A Declaración Universal sobre Benestar Animal (DUBA) recoñece ós animais os seguintes dereitos:

1. Estar libres de sede e fame.
2. Estar libres de incomodidade.
3. Estar libres de dor, lesións e enfermidade.
4. A liberdade de expresar un comportamento normal.





5. Estar libres de medo e angustia.

Sabemos que os animais poden sufrir e sentir dor, medo, e angustia, que moitos non son tratados de forma humanitaria e que non están a ter unha correcta protección en moitos lugares do mundo.

Hai mil millóns de gatos e cans vagabundos no mundo, que a veces son temidos e perseguidos por persoas que teñen medo de contraer enfermidades ou simplemente porque son unha molestia. Este problema ten que ser asumido polas autoridades locais que deben garantir que estes animais teñan un trato humanitario.

Cabalos e burros carecen de leis que protexan o seu benestar e nos atopamos con casos de abandono, enfermidades, mala alimentación e ausencia de coidados veterinarios que os levan a padecer un sufrimento terrible.

Estes problemas poden e deben ser atallados dende as institucións, polo que dende Ferrol en Común nos comprometemos a realizar unha política que garanta os dereitos dos animais e que permita unha convivencia rica e pacífica entre os animais e as persoas.

Para conseguir este obxectivo propoñemos as seguintes medidas que irán incluídas no noso programa:

- * Creación de unha **Oficina Municipal de Atención Animal** para:
 - Control e seguimento do funcionamento da canceira municipal.
 - Campañas de Concienciación da cidadanía sobre a necesidade de garantir o benestar dos animais.
 - Campañas informativas dos dereitos dos animais sobre aspectos como:
 - Abandono.
 - Maltrato.
 - Identificación.
 - Campañas de esterilización de mascotas.
 - Programas de adopción de animais recollidos nos refuxios.
 - Creación do Consello Municipal de Protección animal coa participación das Asociacións Protectoras que operen no ámbito municipal.
 - Coordinar e fomentar actividades educativas e de participación cos colexios e fogares de maiores.





- Fomentar e coordinar a participación do voluntariado.
 - Concertar convenios de colaboración para prestar servizos veterinarios.
 - Programa de Educación Básica en adestramento para persoas que adopten animais do refuxio.
 - Creación de un programa piloto de casas de acollida para atención de casos especiais e socialización dos animais, pagando a comida e os custes veterinarios.
 - Campañas de control de colonias de gatos e saúde pública: Esterilización e solta e organización do voluntariado para alimentación e auga.
 - Iniciar unha campaña de vacinación gratuíta, identificación e de axuda a asistencia veterinaria para persoas sen recursos.
- * Habilitar máis espazos na cidade, establecendo unha franxa horaria para que os cidadáns poidan estar nos parques coas súas mascotas sen orixinar molestias ó resto dos cidadáns e desta forma poder gozar todos e todas das zonas de lecer en harmonía.
 - * Levantar a prohibición de acudir cos cans en algunha praia ou zonas de praias das moitas que conta esta cidade.
 - * Prohibir a exhibición de animais en escaparates e todas aquelas actividades dentro da cidade que non respecten o benestar dos animais como os circos, exhibición de animais en feiras e mercados, etc.

